

## *Anexo Xustificación de faltas 2018\_19*

### **Xustificación de faltas por motivos laborais.**

Acordase que se o alumnado solicita a xustificar as faltas por motivos laborais, xustificarse como máximo un 3 % das horas totais dos módulos aos que falte a o longo de todo o curso, unha vez revisada a documentación polo equipo docente.

Deberá presentar a seguinte documentación:

- Contrato orixinal de traballo.
- Documento acreditativo da empresa onde especifique o motivo da ausencia.

### **Xustificación de faltas de deportistas convocados a competicións.**

O alumnado que este convocado polas federacións deportivas para competicións deberá aportar a seguinte documentación para xustificar as faltas e facer cambios nas datas de exames e entrega de traballos:

- Documento xustificativo de que o alumno/a esta convocado para a competición, emitido pola federación correspondente indicando as datas da competición e presentarllo ao titor/a 15 días lectivos antes da competición.
- Unha vez celebrada a competición, e durante un período máximo de 5 días lectivos, entregar ao titor/a, documento oficial xustificativo da clasificación da competición.

### **Faltas de puntualidade.**

Acordase que 3 faltas de puntualidade equivale a unha de asistencia.

Considérase falta de puntualidade unha demora a partir de 10 minutos.

### **Xustificación das faltas de asistencia.**

O profesorado debe poñer as faltas de asistencia no Xade.

Os xustificantes de falta serán entregados a titora, quen xustificara no Xade as faltas e enviará, por correo electrónico, un documento especificando as faltas, horas e módulos a o profesorado.

Só se xustificarán as faltas establecidas no NOF e as acordadas nesta reunión de equipo docente e cos xustificantes emitidos polos organismos correspondentes. En caso de dúbida sobre as xustificacións, reunirse o equipo docente para deliberar se é xustificable ou non.